

VÉMONOS EN SETEMBRO!

DÉIXOVOS A MIÑA DESPEDIDA, ESPERO QUE VOS GUSTE.

UN BIQUIÑO MOI GRANDE,

E A GOZAR DUNHAS MERECIDAS VACACIÓNS!

Chega a despedida. É tempo de comezar estas vacacións máis merecidas que nunca polo cansazo en tarefas, e sobre todo o cansazo mental e emocional.

Non quixese alongarme ao dicir todo o que se me pasa pola cabeza: fortaleza, paciencia, esforzo, responsabilidade, axuda, abafo, tristeza, medo, dúbida, conciliación familiar, novas aprendizaxes en aplicacións, emails,... hai tantas, tantas cousas que se poden expresar vivindo este confinamento, pero quedo coa que máis me gusta: HEROÍNAS e HEROES.



Primeiro gustaríame agradecerche, a vós, familia, o gran esforzo que fixeches nesta etapa que nos tocou vivir. Sodes un dos alicerces da educación e grazas a vós, no meu caso, non me quedei soa neste camiño do ensino en tempos difíciles. Sei o

duro que foi conciliar traballo, casa, familia, situacións, por iso teño que darache as grazas


Coñeces a clase de relixión, a clase da vida, o que nos toca vivir, bo e malo pero sempre sacando a aprendizaxe. Este é o “cariño” cara aos meus alumnos e alumnas, o feito de que eles se atopasen ben era o obxectivo principal. Oxalá se cumprira.

Estas palabras son para eles como mestra .

Estou moi orgullosa de cada un de vós. Demostrástedes que sodes grandes nas circunstancias máis estrañas. Estivestedes cos vosos pais e irmáns, quizá como nunca. Xogatedes, vistedes a tele, estudástedes na distancia, fixéstedes tarefas que vos angustiaron e esgotaron, sentíchedes outras sensacións do corazón como tristeza, medo, silencio... crecéstedes na vida. Douvos os meus parabéns porque fostes grandes heroínas e heroes. Toca descansar e seguir o camiño cara á normalidade. Gozade o verán seguindo as medidas que nos marcan.

Vivídeo con moitas ganas, cun gran sorriso, sempre sacando o bo das cousas

Eu estarei en setembro axudándovos no que estea na miña man e ensinándovos o que é a vida con estes valores cristiáns que nos unen en equipo, solidariedade e axuda.



*"Aprendemos do vivido
para seguir o camiño
de neno a adulto"*

Deixovos estas cancións, porque xa sabedes que a profe Eva gústalle moito cantar ;)

Adiós al colegio: <https://youtu.be/DJ6ZTFSZtUE>

12 Adiós colegio: <https://youtu.be/QkHiOJzgFiE>